

CONVOCATORIA ASSEMBLEA XERAL de PLANEAMENTO 2023

A Presidenta de ESPAZOCOOP, previo acordo do Consello Reitor procede a convocar unha Asemblea Xeral Extraordinaria da Unión de Cooperativas ESPAZOCOOP, o vindeiro venres **3 de febreiro de 2023**, en primeira convocatoria ás 16:30h e en segunda ás **17,00h.** na **sede da Fundación Paideia** (Praza de María Pita, 17-baixo) en **A Coruña**. Trala benvinda ás persoas asistentes, desenvolverase a seguinte,

Orde do Día:

1. Plan operativo anual (POA) 2023


Proposta e recollida de achegas ás liñas estratéxicas e actuacións, para o exercicio 2023. Presentación, traballo en grupo e posta en común das liñas de actuación que definirán o plan de traballo do 2023.

2. Análise e avaliación do sistema organizativo da entidade

Guiadas pola cooperativa ETCs, traballarase na avaliación e mellora do sistema organizativo da estrutura técnica da entidade.

3. Rogos e preguntas

Santiago de Compostela, a 20 de xaneiro de 2023.



Asdo. Ana Olveira Blanco

A finalización da asemblea, está prevista para as 19h

INFORMACIÓN DE INTERESE PARA O DESENVOLVEMENTO DA ASEMBLEA

Os Estatutos Sociais de ESPAZOCOOP, establecen que:

Artigo 19.- Natureza e composición.

A Asemblea Xeral, constituída validamente, é a reunión dos representantes de cada unha das cooperativas asociadas para deliberar sobre a política xeral da Unión (...). É, polo tanto, o órgano supremo de expresión da vontade social. O acordos da Asemblea Xeral, obrigan a todas as cooperativas asociadas, incluídas as disidentes e as que non participaran na reunión. Representarán ás cooperativas, na Asemblea Xeral, a persoa que ostenta a Presidencia do Consello Reitor ou a persoa libremente designada ao efecto por cada cooperativa.

Artigo 24.- Dereito de voto

1.- Cada cooperativa asociada terá un voto na asemblea xeral da Unión.

2.- Para exercer o dereito a voto, a cooperativa deberá acreditar que está ao corrente no pago das cotas, o trinta e un de decembro do exercicio anterior

PARTICIPACIÓN NA ASEMBLEA

Para participar na Asemblea, as persoas deberán **inscribirse** no formulario cuxo acceso aparece no correo enviado coa convocatoria.

LUGAR DE CELEBRACIÓN

A asemblea, en formato presencial, terá lugar na sede social da Fundación Paideia, na Praza de María Pita, nº 17-baixo ([acceso pola Praza de María Pita, no lateral oposto ao Concello](#)), na cidade de A Coruña.

Para chegar á sede da Fundación Paideia Galiza ([Aquí](#)) e/ou aos aparcamentos preto da praza ([Parking María Pita](#), [Parking Los Cantones](#)).

Liñas de autobuses para quen se achegue en transporte público (Liña 5 dende a estación de Ferrocarril; liñas 4, 1 e 1A dende a Estación de Autobuses).